

**TÍTULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS**  
**Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia**

**Técnica e práctica da conservación activa e preventiva dos bens arqueolóxicos**

**Departamento: Conservación e restauración de materiais arqueolóxicos**

<b>Obrigatoria da especialidade</b>	<b>Curso: 4º arqueoloxía</b>	<b>2º Cuadrimestre</b>	<b>8 ECTS</b>
-------------------------------------	------------------------------	------------------------	---------------

**Teórico-práctica**

**Profesora: Profesora: Sonia Seco Lanzós**  
**sonia.seco@edu.xunta.gal**

**Horario: 10 horas semanais**

**DESCRIPCIÓN DA MATERIA**

Aplicación dos sistemas e técnicas de intervención para a conservación activa e preventiva, e restauración dos bens arqueolóxicos. Estudo de alteracións, para establecer diagnoses e propostas de tratamento. Definición dos criterios de intervención. Execución dos tratamentos de conservación-restauración propios, mediante obra real ou, ocasionalmente maquetas. Elaboración de informes.

**COMPETENCIAS TRANSVERSAIS**

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.

**COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN**

X1	Contextualizar o ben cultural, entendendo o seu significado como testemuña documental para o seu
----	--

	respecto e transmisión.
X2	Coñecer e identificar a composición material do ben cultural e os procedementos e técnicas empregados na súa elaboración.
X4	Determinar os exames ou análises precisos e avaliar os seus resultados.
X7	Deseñar sistemas e tratamentos de conservación e restauración
X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinario.
X15	Coñecer os riscos laborais e as medidas e normas de seguridade e saúde e a súa aplicación para o restaurador, os bens culturais e o medio.
X16	Avaliar a eficacia dos tratamentos realizados.
<b>COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE</b>	
EA1	Diagnosticar as alteracións dos bens arqueolóxicos e dos seus materiais constitutivos mediante o seu exame, identificación, análise e valoración.
EA2	Decidir e executar os tratamentos máis adecuados a cada caso, poñendo en práctica os coñecementos, os criterios, os procedementos técnicos e as habilidades e destrezas adquiridas.
EA4	Planificar, documentar e facer o seguimento do proceso de conservación e restauración dos bens arqueolóxicos, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente.
EA5	Establecer un diálogo interdisciplinario con outros profesionais relacionados co ámbito do patrimonio cultural, especialmente no concernente ao arqueolóxico.
EA8	Realizar unha análise crítica da metodoloxía, os tratamentos e os materiais empregados e avaliar a eficacia da intervención realizada.
EA10	Utilizar os recursos que as novas tecnoloxías facilitan para o desenvolvemento do exercicio profesional.

UNIDADES DIDÁCTICAS		
Unidade	Subtemas	% da materia
1. Pel, coiro e similares	1.1. Composición	20%
	1.2. Procesos de alteración	
	1.3. Tratamentos	
2. Madeira arqueolóxica	2.1. Procesos de alteración	20%
	2.2. Tratamentos	
3. Materiais óseos	3.1. Estrutura física e composición química	60%
	3.2. Procesos de alteración	
	3.3. Tratamentos.	

PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Actividades introdutorias	1		1
Sesión maxistral	35		35
Lectura e comentario crítico de artigos especializados		8	8
Exposición na aula traballos/informes/memoria de prácticas	9		9
Prácticas	135		135
Estudo e/ou traballo autónomo		12	12
<b>Total</b>	<b>180</b>	<b>20</b>	<b>200</b>

### METODOLOXÍA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a presentar a materia e tomar contacto co alumnado.
Sesión maxistral	Exposición por parte da profesora das bases teóricas da materia, sobre as que construír o traballo autónomo, utilizando as sesións maxistras e outras ferramentas aportadas.
Lectura e comentario crítico de artigos especializados	Entregas, por parte do alumnado, para promover a reflexión, a síntese e establecer conclusións, a partir dun artigo especializado.
Exposición na aula de traballos/informes/memoria de prácticas	Exposición oral por parte do alumnado, do resultados de traballos/informes/memorias de prácticas.
Realización de traballo práctico	Actividades prácticas no laboratorio de conservación-restauración de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedementais.
Estudo e/ou traballo autónomo	Estudo individual a partir de fontes varias (apuntamentos, material complementario proporcionado na aula virtual, bibliografía etc.).

### SISTEMAS DE AVALIACIÓN

Método	Criterios	% avaliación
Proba escrita (exame)	-Aplicación dos coñecementos adquiridos. -Corrección nos contidos e na expresión.	50 %
Avaliación, mediante rúbrica proporcionada, dos informes e comentarios críticos de artigos	Puntualidade na entrega. Imprescindible para poder aprobar a tarefa e participar na presentación na aula. - Rigor técnico, asimilación e grao de aplicación de conceptos teóricos. - Participación nas postas en común.	30 %
Avaliación, mediante rúbrica proporcionada, do desenvolvemento do curso, a través da observación sistemática	- (5 %) Capacidade de aplicar coñecementos teóricos, tomar decisións, resolver problemas. - (5 %) Responsabilidade: traballo práctico e entregas; no taller (tarefas comúns, coidado do taller, etc.) e en relación ós compañeiros. - (5 %) Organización: capacidade para rematar traballos en tempo (prácticas e entregas); capacidade para manter orde nos espazos de traballo (individual e taller). - (5 %) Calidade: interese por traballos ben feitos. (traballo práctico taller e entregas); delicadeza á hora de traballo práctico; esforzo por mellorar.	20 %
<b>Total</b>		<b>100 %</b>

## OUTROS COMENTARIOS A AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

Dado o carácter práctico da materia, a asistencia é necesariamente obrigatoria. A non asistencia ás clases implicará a imposibilidade do desenvolvemento correcto da materia, repercutindo necesariamente na cualificación.

### CONVOCATORIA ORDINARIA

#### ▪ Avaliación continua

Avaliarase, de forma continuada, e mediante rúbrica proporcionada na aula virtual, o progreso do proceso de aprendizaxe, incluíndo todos os resultados acadados no traballo continuado de clase, os exercicios e traballos entregados no tempo estipulado ou o exame proposto ao longo do curso. Isto significa que:

- O alumnado deberá realizar todos os traballos e exames establecidos ao longo do curso.
- Na porcentaxe relativa ás probas escritas é imprescindible acadar un mínimo dun 25% (aprobado) para poder sumar co resto de notas e superar a materia.
- O alumno que acumule un nº de faltas, non xustificadas, superior ao 20%, perderá o dereito a ser avaliado de forma continuada.
- Non superará a avaliación continua o alumnado que: perda o dereito a ser avaliado de forma continuada, o que non realice as probas, exercicios e informes propostos ou non acade unha puntuación mínima de 5 na materia, debendo facer uso da convocatoria ordinaria para poder superala.

▪ Avaliación nas datas oficiais da convocatoria ordinaria: o exame da convocatoria ordinaria poderá ser de recuperación parcial ou total da materia, segundo o motivo polo que se faga uso del (non superación da materia en avaliación continua ou perda do dereito desta). No caso de recuperación parcial, o alumnado será requirido a facer entrega das pertinentes entregas e/ou exame teórico. No caso de recuperación total, a proba terá unha parte teórica e unha práctica. Será necesario superar a proba escrita/teórica para poder facer a práctica. Tamén poderá incluír a entrega de traballos/tarefas.

### CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

- O alumnado que non supere a convocatoria ordinaria terá a posibilidade de presentarse á convocatoria extraordinaria.
- O alumnado terá que realizar unha proba escrita sobre o total dos contidos desenvolvidos no curso para avaliar o seu grao de competencia e, unha vez superada esta, unha proba práctica da materia.

## ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofrecerase atención personalizada ao alumnado durante todo o curso. As titorías docentes desenvolveranse no horario establecido ó efecto.

Procedementos de comunicación para clases, titorías e consultas:

- Correo electrónico corporativo
- [Plataforma Moodle](#) (aula virtual), para compartir apuntamentos e contidos co alumnado, así como para programar e entregar as tarefas.



## BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

- BERDUCOU, M.C. (Coord) (1990) *La conservation en archeologie*, Masson, París
- CRONYN, J.M. (1990) . *The elements of archaeological conservation*, Routledge, London
- GARCÍA FORTES, S. Y FLOS TRAVIESO, N. (2008) .*Conservación y restauración de bienes arqueológicos*, Ed. Síntesis, Madrid
- GARCÍA ESTEBAN, L. (2003) *La madera y su anatomía*, Mundi Prensa Libros S.A., Madrid
- KITE M. Y THOMPSON, R. (2011) *Conservation of leather and related materials*, Routledge, London
- RODGERS, B. A. (2004) *The archaeologist's manual for conservation. A guide to non toxic, minimal intervention artifact stabilization*, Kluwer Academic/Plenum Publishers, New York. Disponible en:  
[https://www.academia.edu/78433358/The\\_Archaeologist\\_s\\_Manual\\_for\\_Conservation](https://www.academia.edu/78433358/The_Archaeologist_s_Manual_for_Conservation) [Consultado o 08/07/2024]

## OBSERVACIÓNS

Está prohibida a toma de fotografías ou gravacións durante as clases teóricas.